



## **MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN AMANCIO ORTEGA GAONA PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO PÚBLICO DE ATENCIÓN INTEGRAL ÁS PERSOAS MAIORES DENTRO DO MARCO DO PROGRAMA “COMO NA CASA”, NO CONCELLO DE A CORUÑA**

### **MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social, DECLARA:

Que a Consellería de Política Social vai a formalizar coa Fundación Amancio Ortega Gaona (en diante FAO), a modificación do convenio de colaboración arriba referido.

Que este instrumento ten por obxecto modificar as cláusulas terceira e cuarta do convenio de colaboración asinado en data 15 de xaneiro de 2020.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que a modificación do instrumento convencional que se vai a asinar se fundamenta no seguinte:

Con data 13 de setembro de 2019 a Consellería de Política Social e a FAO, asinaron un convenio de colaboración para establecer as bases de cooperación para a construción e posta en funcionamento de sete centros públicos de atención integral ás persoas maiores (en diante, os “Centros de Maiores”), sitios nas cidades de Santiago de Compostela, Vigo, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Ferrol, para atender a maiores en situación de dependencia no marco do plan “Como na casa”.

Este convenio, na súa cláusula segunda establece que o seu ámbito de aplicación será obxecto de desenvolvemento e concreción a través dos oportunos instrumentos que procedan e das actuacións necesarias para a súa consecución, de conformidade coa normativa vixente.

En aplicación do antedito convenio, as partes asinaron con data de 15 de xaneiro de 2020 un convenio de desenvolvemento onde se definía o marco de colaboración entre a FAO e a Consellería de Política Social para a construción e posta en funcionamento do Centro de Maiores, sito na cidade de A Coruña, formalizándose a posta a disposición da parcela na que se vai levar a cabo a construción, definindo as obrigas das partes en canto ao derribo da edificación existente nela e fixando os prazos de execución das obras.

A declaración do estado de alarma debida á situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19 por medio do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, supuxo a paralización tanto de





procedementos administrativos coma de múltiples actividades, imposibilitando o desenvolvemento das actuacións propias do convenio. Todo isto, determinou que o prazo máximo de dous meses contados dende a obtención dos permisos e licenzas, previsto na cláusula terceira para o derrubamento da edificación existente na parcela, deba ser reconsiderado aos efectos de aclarar a data a partires da cal este vai ser tido en conta.

Por outra banda, tamén resulta necesario aclarar de xeito expreso a cal das partes lle corresponde solicitar os correspondentes permisos e licenzas administrativos necesarios para a construción e posta en funcionamento do devandito Centro de Maiores.

Finalmente, considérase preciso incluír entre as funcións da comisión de seguimento a posibilidade de adoptar as medidas e acordos que se consideren oportunos aos efectos de dar solución a novas incidencias que se poidan producir en relación cos prazos para a execución da obra e o establecemento do servizo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes da presente modificación exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura da modificación do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social  
María Francisca Gómez Santos

